

MATRÍCULA DE HONRA BACHARELATO

O alumnado que, despois da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivesen unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no segundo curso.

En todo caso, cando o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

As matrículas de honra concederanse de acordo cos seguintes criterios de prioridade:

- 1. Nota media de 2º de bacharelato con 2 decimais**
- 2. Nota media de 2º de Bacharelato coas notas en arredondar**
- 3. Nota media das notas das materias comúns na parte obrigatoria das ABAU con 2 decimais.**
- 4. Nota media de 1º de Bacharelato con 2 decimais**